

# QUE É UN PRÉSTAMO?

Un préstamo é un produto de financiamento. Isto significa que o banco che deixa unha cantidade de diñeiro. Despois, ti tes que devolver ese diñeiro aos poucos, normalmente cada mes.

## Que pagas cada mes?

Cada mes pagarás:

- A cantidade de diñeiro que acordaches no contrato (a cota).
- Os xuros do préstamo.

Ás veces, tamén se poden pagar outros gastos. Por iso é moi importante que, antes de contratar un préstamo, te informes ben de todas as condicións.

## Onde se pode contratar un préstamo?

Por norma xeral, podes contratar un préstamo cunha entidade financeira, como un banco. Ese diñeiro poderás usalo para o que queiras.

Tamén podes pedir un préstamo na mesma tenda onde vas facer unha compra.

Por exemplo, cando mercas un electrodoméstico ou un moble e che ofrecen pagalo a prazos.

## **Como funciona o préstamo na tenda?**

Se pides o préstamo na tenda,  
eles mesmos encárganse de todo.

Revisan a túa situación económica  
e ofrécenche varias opcións de pagamento.

Ti decides canto tempo queres tardar en devolvelo  
e canto pagarás cada mes.

## **É importante elixir ben as condicións do préstamo**

Cando contratas un préstamo, cómpre decidir ben:

- canto vas pagar cada mes
- e durante canto tempo o vas devolver.

Antes de asinar, deben darche toda a información  
sobre os gastos, os xuros  
e as condicións do préstamo.

Así podes facer os teus cálculos  
e elixir a cota que mellor che conveña.

## Como se devolve un préstamo?

Para devolver o préstamo, podes:

### PAGAR UNHA COTA CADA MES

Se a cota é máis alta,  
devolverás o préstamo en menos tempo.  
Así pagarás menos xuros.

### DEVOLVER UNHA PARTE ANTES DE TEMPO

Para devolver unha parte antes de tempo,  
esa cantidade ten que ser  
maior que a suma de 2 cotas.

É dicir, se pagas 500 € por mes  
e queres pagar unha parte antes de tempo,  
a cantidade debe ser maior de 1.000 €.

Antes tes que avisar por escrito ao banco.

### DEVOLVER TODO O DIÑEIRO DE GOLPE

Devolver todo o préstamo de golpe  
pode ter gastos extra.

Por iso cómpre informáreste ben  
antes de contratar un préstamo.

Así poderás tomar a mellor decisión.